

## A voltas co baile: AS DANZAS

Nesta edición de *A Voltas co Baile* imos tratar sobre os contextos, a historia e as características de diferentes danzas, especialmente as coñecidas como danzas brancas, con presenza no noroeste da península, achegándonos tamén aos procesos experimentados ao longo do tempo.



**A Voltas  
co Baile**  
**As danzas**

**Xoves 10 e venres 11  
setembro de 2020**  
Museo do Pobo Galego. Formato en liña.

**Participan:**  
Luis Costa Vázquez  
Antonio Martín Ramos  
Miguel Sotelo

Imaxe tomada da webgalería Multimedia (2007) do Luis Seoane. Fundación Luis Seoane.

Máis información e inscrición en:  
[www.museodopobo.gal](http://www.museodopobo.gal)  
[servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

 **Museo do Pobo Galego**



**Xornada en liña** na que as persoas inscritas recibirán a través de correo-e as claves para conectarse á plataforma e poder interacturar cos poñentes, así como os materiais complementarios das xornadas.

**Inscripción previa**, ata o 7 de setembro, en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

**Prezos por materiais** - Xeral, 5€. Estudantes, 3€. Persoas socias ou no desemprego, de balde.

## PROGRAMA:

### Xoves 10/9:

- De 19h a 20h30. ***Contexto e historia das danzas en Galicia.*** Luis Costa Vázquez

A presentación abordará unha introdución e contextualización das danzas rituais galegas, partindo do contexto europeo desta manifestación cultural: a súa evolución histórica, tipoloxías, e elementos formais e antropolóxicos. De modo máis específico realizarase unha aproximación de conxunto ás danzas rituais actualmente vivas en Galicia, con atención aos procesos de cambio que teñen acusado e ás súas resignificacións no contexto da globalización e da sociedade do espectáculo.

### Venres 11/9:

- De 17h30 a 19h. ***Procesos de cambio na tradición: as danzas de paus como exemplo.*** Antonio Martín Ramos

Con frecuencia asociamos as músicas de tradición oral e as danzas de carácter patrimonial cun certo estatismo que as converte en exemplos fosilizados de rituais pasados. O concepto de tradición como un elemento vivo e en constante evolución leva implícito certos procesos de cambio realizados polos verdadeiros e as verdadeiras protagonistas, adaptando estas tradicións ao seu tempo para poder perpetuálas.

Nesta conferencia reflexionaremos sobre os procesos de cambio na tradición a través de diferentes casos comparados, observando as transformacións nas danzas rituais transfronteirizas do noroeste da península en varias xeracións.

- De 19h a 20h30. ***Danzas de Cangas: Aldán, Hío e Darbo. Proceso de recuperación.*** Miguel Sotelo.

Relatorio sobre as danzas de Cangas: Aldán, O Hío e Darbo. Abordaremos a súa descrición, relación e comparativa entre elas e con outras danzas brancas, gremiais ou de Entroido que se dan na zona. Mediante a visualización de diferentes vídeos poderemos ver algúns cambios que sufriron ao longo do tempo e coñeceremos como se levou a cabo o proceso de recuperación da Danza e Contradanza de Darbo.

## Participan:

**Luis Costa Vázquez** é licenciado en Musicoloxía e en Historia e Doutor en Música. Actualmente Catedrático de Musicoloxía no Conservatorio Superior de Música de Vigo e Profesor Asociado na Univ. de Vigo en grao e posgrao. Profesor convidado en cursos de doutoramento e posgrados noutras universidades dentro e fóra de Galicia participa regularmente como relator en diversos foros académicos e divulgativos.

Como investigador ten publicado máis de unha trintena de traballos en revistas especializadas, actas de congresos, seminarios, e obras colectivas con especial atención á función da práctica musical como espazo de construción de significados sociais na Galiza contemporánea. Respecto da danza e o baile en Galicia algunhas das súas publicacións son: "O baile tradicional en Galicia: procesos de folklorización" en: *Boletín Auriense*, nº XXVI (1996); pp. 213-231; ou "A danza e o baile" (cap. 9), *Galicia-Antropología* (vol. XXV), A Coruña, Hércules, 1998; pp. 433-465.

**Antonio Martín Ramos** comezou os seus estudos musicais na súa nenez no Conservatorio de Zamora compaxinando isto coa aprendizaxe de instrumentos tradicionais.

Posteriormente completou a súa formación en Educación Musical, Producción Musical e Musicoloxía en diferentes universidades e institutos superiores, especializándose en Etnomusicoloxía realizando o Doutoramento na Universidade de Valladolid.

Fundador da Asociación Etnográfica Don Sancho, leva 30 anos vinculado ao mundo da etnografía e das músicas de tradición oral de Galiza".

**Miguel Sotelo** é bailador da Danza e Contradanza de Darbo dende o ano 1994 e, actualmente, presidente da asociación encargada de xestionala. Leva a cabo, xunto con Xulia Feixóo e Rafa Quintía, un proxecto de investigación das Danzas de Cangas.

Recompilador e estudoso do folclore e da cultura popular galega, realizou varios cursos de antropoloxía pola UNED en Pontevedra.

É bailador, mestre e director de baile tradicional. Realizou o curso "Bailas? Didáctica da danza tradicional galega" na USC. Participou como bailarín na película "La Jota" de Carlos Saura e asumiu a dirección artística de "Irei a Darbo" e das Xornadas Etnográficas do Morrazo.



**Museo do Pobo Galego**



**XUNTA  
DE GALICIA**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**



**Deputación  
DA CORUÑA**